



Concello de Vigo
XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO
OF. DE OBRAS E PROXECTOS MUNICIPAIS

EXPEDIENTE :

10267-255

**ASUNTO: CONTRATACIÓN OBRA CONSOLIDACIÓN
CIMENTACIÓN NICHOS NO CEMITERIO DE TEIS
SITUACIÓN: Avda. Angel de Lema y Marina. Teis.**

INFORME DAS PROPOSICIÓNS TÉCNICAS PRESENTADAS NO PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE CONSOLIDACIÓN DE CIMENTACIÓN DE NICHOS NO CEMITERIO DE TEIS DO CONCELLO DE VIGO

Dende o Servizo de Cemiterios do Concello de Vigo achégase a documentación correspondente ás propostas presentadas para a contratación das Obras de consolidación de cimentación de nichos no cemiterio de Teis.

As empresas admitidas no procedemento aberto son as incluídas na seguinte relación:

1. GEOTECNIA Y CIMENTOS S.A.
2. U.T.E ACEVI, S.L.-GPD Construcciones S.A.

A Mesa de contratación acordou así mesmo, en sesión do 28 de outubro de 2014, a exclusión da oferta presentada pola empresa KELLER CIMENTACIONES.

Os aspectos a valorar por parte desta Oficina Técnica, de acordo co establecido polo Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rixe a contratación desta obra, son os correspondentes ó SOBRE B, PROPOSICIÓN AVALIABLE MEDIANTE XUÍZO DE VALOR, que se transcriben de seguido:

A) CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUÍZO DE VALOR.

1.- Memoria constructiva dos criterios de execución técnica da obra: valorarase con ata 12 puntos

A valoración da memoria construtiva dos criterios de execución técnica da obra será realizada tendo en conta os seguintes apartados:

1. **Descrición análítica e detallada do proxecto:** se valorará con ata 2 puntos. Deberá contemplar un análise dos aspectos que poidan incidir no desenvolvemento do obxecto da obra describindo as actividades importantes da execución da obra. Esta análise debe contemplar todos os condicionantes definidos no proxecto, determinando o grado de incidencia na execución da obra.

2. **Análise do ámbito de actuación da obra e os procesos de implantación de medios para a obra, e a súa explicación gráfica:** se valorará con ata 5 puntos. Deberán describirse as afeccións dos condicionantes externos do entorno da obra (tráfico, climatolóxicos, usos específicos do entorno) así como as medidas que permitan simultanear a obra coas actividades cotiás do entorno. Ditos aspectos recóllense recollidos no proxecto de maneira indicativa, polo cal deben detallarse conxuntamente coa proposta de execución da obra.

3. **Análise e descrición da planificación da obra en relación aos equipos materiais e humanos adscritos á mesma, xustificando a coherencia da proposta realizada en relación aos prazos de execución propostos:** se valorará con ata 5 puntos. Recollerá a planificación da obra en relación ós equipos materiais e humanos adscritos á mesma. Incluirá unha xustificación da coherencia da proposta en relación ós prazos de execución propostos. Deberá acompañarse coa representación gráfica



Concello de Vigo
XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO
OF. DE OBRAS E PROXECTOS MUNICIPAIS

EXPEDIENTE :

10267-255

**ASUNTO: CONTRATACIÓN OBRA CONSOLIDACIÓN
CIMENTACIÓN NICHOS NO CEMITERIO DE TEIS
SITUACIÓN: Avda. Angel de Lema y Marina. Teis.**

adecuada temporalmente á peculiaridade da obra, co obxecto de facilitar o seguimento da mesma e especificando os camiños críticos.

2.- Plan de control de calidade: se valorará con ata 5 puntos.

Para valorar este criterio se terán en conta os seguintes apartados:

1. A descrición analítica e detallada do plan de control de calidade a executar a maiores do contemplado no proxecto: se valorará con ata 2,5 puntos. Dita memoria deberá recoller a diversidade dos ensaios de control de calidade a executar, os cales deberán ter unha incidencia directa co obxecto da obra.

2. A descrición do plan de auto control interno da empresa: se valorará ata 2,5 puntos. Dita memoria deberá recoller unha descrición analítica e detallada do plan de autocontrol interno da empresa en aqueles procesos relacionados directamente coa execución do obxecto da obra.

3.- Plan de aforro enerxético e programa de actuacións medioambientais: se valorará con ata 3 puntos.

Se desenvolverá unha memoria que deberá contemplar a descrición das boas prácticas na execución da obra que permitan reducir o consumo enerxético ou o emprego de materias primas como auga ou combustibles, e por outro lado, as actuacións para redución das emisións contaminantes á atmosfera, recollida selectiva de residuos e procesos de reciclado.

A puntuación dos apartados anteriores será outorgada seguindo os seguintes criterios:

1. Outorgarase a máxima puntuación fixada en cada apartado ás memorias que o desenvolvan cun alto grao de detalle e análise e coa representación gráfica adecuada.
2. Descontarase un 20% da puntuación prevista no correspondente apartado ás memorias que non teñan un desenvolvemento detallado.
3. Descontarase un 40% da puntuación prevista no correspondente apartado ás memorias que non recollan a xustificación dalgún dos aspectos do mesmo.
4. A puntuación será de 0 (cero) puntos:
 - Cando a memoria do apartado a avaliar conteña aspectos contraditorios internos ou en relación ó proxecto.
 - Se a memoria non inclúe algún dos apartados a valorar.

Unha vez examinada a documentación presentada polos concursantes relativa á proposta avaliable mediante xuízo de valor, infórmase o seguinte:

1. GEOTECNIA Y CIMENTOS S.A.

1.- Memoria construtiva dos criterios de execución técnica da obra: TOTAL 9 PUNTOS

1. Descrición analítica e detallada do proxecto: 2 puntos sobre 2 (100%). Apartado desenvolvido cun alto grao de detalle e análise, con especial incidencia nos aspectos relativos ós traballos de inxección e coa representación gráfica adecuada.

2. Análise do ámbito de actuación da obra e os procesos de implantación de medios para a obra, e a súa explicación gráfica: 3 puntos sobre 5 (-40%). A



Concello de Vigo
XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO
OF. DE OBRAS E PROXECTOS MUNICIPAIS

EXPEDIENTE :

10267-255

**ASUNTO: CONTRATACIÓN OBRA CONSOLIDACIÓN
CIMENTACIÓN NICHOS NO CEMITERIO DE TEIS
SITUACIÓN: Avda. Angel de Lema y Marina. Teis.**

memoria non recolle xustificación do aspecto relativo ás medidas previstas para simultanear a obra coas actividades cotiás do cemiterio nin cos condicionantes climatolóxicos.

3. Análise e descrición da planificación da obra en relación aos equipos materiais e humanos adscritos á mesma, xustificando a coherencia da proposta realizada en relación aos prazos de execución propostos: **4 puntos sobre 5 (-20%)**. Na memoria relativa a este apartado non se desenvolve en detalle a relación entre rendementos, coeficientes e prazos de execución propostos no plan de obra.

2.- Plan de control de calidade: TOTAL 4,5 puntos

1. Descrición analítica e detallada do plan de control de calidade a executar a maiores do contemplado no proxecto: **2,5 puntos sobre 2,5 (100%)**. Descrición detallada dos ensaios de control de calidade previstos, plan de ensaios e criterios de aceptación ou rexeitamento, coherentes co obxecto da obra.

2. Descrición do plan de auto control interno da empresa: **2 puntos sobre 2,5 (-20%)**. Apartado sen un desenvolvemento detallado, xa que a descrición das medidas de autocontrol é xenérica sen recoller referencia concreta a procesos fundamentais da execución do obxecto da obra.

3.- Plan de aforro enerxético e programa de actuacións medioambientais: TOTAL 2,4 puntos.

2,4 puntos sobre 3 (-20%). Non se acada un desenvolvemento detallado nas medidas previstas en termos de redución e control de consumos enerxéticos, redución de emisións e recollida selectiva dos posible residuos xerados, especialmente no referido ó control de posibles impactos ambientais que puideran derivarse dos procesos de inxección e as medidas correctoras aplicables.

2. U.T.E ACEVI,S.L.-GPD Construcciones S.A.

1.- Memoria construtiva dos criterios de execución técnica da obra: TOTAL 9 PUNTOS

1. Descrición analítica e detallada do proxecto: **2 puntos sobre 2. (100%)**. Apartado desenvolto cun alto grao de detalle e análise, con especial incidencia nos aspectos relativos ós traballos de inxección e coa representación gráfica adecuada.

2. Análise do ámbito de actuación da obra e os procesos de implantación de medios para a obra, e a súa explicación gráfica: **4 puntos sobre 5 (-20%)**. A memoria conta cun desenvolvemento xenérico nos aspectos referidos ós condicionantes ó tráfico e climáticos, sen incidir nas particularidades propias da obra.

3. Análise e descrición da planificación da obra en relación aos equipos materiais e humanos adscritos á mesma, xustificando a coherencia da proposta realizada en relación aos prazos de execución propostos: **3 puntos sobre 5 (-40%)**. Non se xustifica a coherencia da proposta cos prazos previstos, xa que non se especifican con claridade os equipos materiais e humanos adscritos á obra.



Concello de Vigo
XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO
OF. DE OBRAS E PROXECTOS MUNICIPAIS

EXPEDIENTE :

10267-255

**ASUNTO: CONTRATACIÓN OBRA CONSOLIDACIÓN
CIMENTACIÓN NICHOS NO CEMITERIO DE TEIS
SITUACIÓN: Avda. Angel de Lema y Marina. Teis.**

2.- Plan de control de calidade: TOTAL 5 PUNTOS

1. Descrición analítica e detallada do plan de control de calidade a executar a maiores do contemplado no proxecto: 2,5 puntos sobre 2,5 (100%). Desenvolvemento detallado dos ensaios de control de calidade previstos.
2. Descrición do plan de auto control interno da empresa: 2,5 puntos sobre 2,5 (100%). Descrición minuciosa e detallada dos aspectos de auto control relacionados directamente coa execución do obxecto da obra.

3.- Plan de aforro enerxético e programa de actuacións medioambientais: TOTAL 2,4 puntos.

2,4 puntos sobre 3 (-20%). Non se acada un desenvolvemento detallado nas medidas previstas en termos de redución e control de consumos enerxéticos, redución de emisións e recollida selectiva dos posible residuos xerados, especialmente no referido ó control de posibles impactos ambientais que puideran derivarse dos procesos de inxección e as medidas correctoras aplicables.


PUNTUACIÓNS OBTIDAS:

En consecuencia, as puntuacións correspondentes ós diferentes subapartados e a súa valoración total serían as seguintes:

	Memoria constructiva dos criterios de execución técnica	Plan de control de calidade	Plan de aforro enerxético e programa de actuacións medioambientais	TOTAL
GEOTECNIA Y CIMENTOS S.A.	9	4,5	2,4	15,9
U.T.E ACEVI,S.L.-GPD Construcciones S.A.	9	5	2,4	16,4

Vigo, 7 de novembro de 2014
Arquitectos municipais


Asdo. Juan Luis Piñeiro Ferradás


Asdo. David Carvajal Rodríguez-Cadarso